

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS CONXUNTAS NO EIDO DA CONSERVACIÓN DA FAUNA ACUÁTICA NO CENTRO ICTIOXÉNICO DO VERAL.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, representada por Ángeles Vázquez Mejuto, de acordo co Decreto 94/2018, do 26 de setembro, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, a Universidade de Santiago de Compostela, representada por Antonio López Díaz, en calidade de reitor, de acordo co Decreto 57/2018, do 31 de maio, actuando en nome e representación da mesma e con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001 de Universidades, do 21 de decembro e no artigo 85 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro.

Todas as partes recoñécense reciprocamente a capacidade e a lexitimación necesarias para subscribir este convenio, e para tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude do establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (en adiante, CMATV) ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; o fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos; a ordenación, conservación, protección, fomento e o aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais; a divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos singulares da xea da



Comunidade Autónoma galega, así como o desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural; a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen; a conservación específica dos espazos que compoñen a Rede Galega de Espazos Protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

SEGUNDO. Que a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC) é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, estando interesada en colaborar con outras entidades para asegurar un dos fins da formación e da investigación, que é a transferencia de tecnoloxía no eido da xestión do medio natural co obxecto de manter ou, no seu caso, mellorar a súa funcionalidade ecolóxica.

TERCEIRO. Que a CMATV xestiona, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o Centro ictioxénico do Veral (Lugo), no que se obteñen e crían salmónidos autóctonos destinados á repoboación nos ríos galegos.

Neste centro desenvólvese, dende o ano 2012, en colaboración coa USC, un proxecto piloto para iniciar o ciclo reprodutivo do mexillón de río. Trátase dunha acción que dá continuidade ao proxecto Margal Ulla (Life 09NAT/ES/000514) financiado con Fondos Life+Natureza y Biodiversidad, que ten por obxectivo a conservación e mellora das poboacións desta especie en perigo de extinción (*Margaritifera margaritifera*), así como da toupa de río (*Galemys pyrenaicus*). Ao longo do proxecto foron realizadas unha serie de modificacións nas instalacións da piscifactoría para axeitala ás necesidades do cultivo do bivalvo, contando tamén na actualidade cun laboratorio equipado para tal fin.

Dentro do devandito proxecto atópase a obriga de, unha vez finalizado o mesmo, darlle continuidade de futuro a aquelas actuacións nas que sexa posible a implicación das partes responsábeis, como sería o caso do cultivo da especie *Margaritifera margaritifera*.

CUARTO. Que a USC é unha entidade independente e sen ánimo de lucro na que participan investigadores e técnicos especializados, e que posúe os medios técnicos adecuados para levar a bo fin as actividades mencionadas de interese xeral. Asemade, a USC ten coma unha das súas misións acercar á sociedade a competencia, a habilidade, a experiencia, o talento e o saber científico e técnico xerado polos grupos de investigación universitarios, e colaborar coas outras Universidades galegas e institucións públicas, entidades e empresas de Galicia.



QUINTO. Que a CMATV e a USC concordan ao considerar esencial o establecemento de mecanismos para fomentar a sensibilización da sociedade galega no referente ao valor da biodiversidade, da súa importancia e funcións, así coma promover o estudo e a formación en materia da acuicultura enfocada á conservación, especialmente no ámbito universitario.

Ditas entidades manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o do cultivo de mexillón de río para a recuperación desta especie incluída na categoría "en perigo de extinción" no Catálogo galego de especies ameazadas, e que ten un papel chave no ecosistema acuático e indicador do seu estado de saúde.

SEXTO. Que a USC estivo desenvolvendo, no marco da colaboración establecida coa CMATV para a execución do proxecto Life Margal Ulla actividades científicas no Centro Ictioxénico do Veral, en Lugo. Así, dende o ano 2012, ben no marco do proxecto Life Margal Ulla ben a través de convenios de colaboración coa CMATV, os membros do grupo de "Conservación de Peixes e Moluscos" da USC, realizan nestas instalacións traballos de investigación encamiñados a desenvolver e mellorar o proceso de cultivo do mexillón de río coa fin de reforzar as poboacións ou reintroducir a especie naqueles tramos fluviais nos que sería viable a súa supervivencia na bacía do Ulla.

Neste contexto, todas as partes actoras deste convenio comprométense a aceptar as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CMATV e a USC, para o desenvolvemento de actuacións conxuntas no eido da conservación da fauna acuática no Centro Ictioxénico do Veral.

SEGUNDA.- OBRIGAS ASUMIDAS POLA CMATV

A CMATV comprométese a realizar as seguintes accións:

1º. Designar un técnico/a que actuará como interlocutor entre a Consellería e a USC que establecerá as pautas para a coordinación e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio.



2º. Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso. as pautas para coordinación e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio.

3º. Colaborar nos proxectos de investigación sobre as liñas de traballo incluídas neste convenio, apoiando o acceso a convocatorias públicas e privadas de nivel autonómico, nacional e/ ou internacional para a execución dos mesmos.

4º. Autorizar á USC a utilización privativa das instalacións do centro ictioxénico do Veral empregadas nos traballos de investigación encamiñados a desenvolver e mellorar o proceso de cultivo do mexillón de río, con carácter gratuíto.

5º. Asumir os gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos que recaian nestas instalacións.

6º. Financiar as actividades definidas no convenio.

TERCEIRA.- OBRIGAS ASUMIDAS POLA USC

A USC asume os seguintes compromisos:

1º. Designar a unha persoa coordinadora destas actividades e usará as instalacións mencionadas exclusivamente para desenvolvemento de actividades de estudo e investigación por partes de grupos de investigación neste eido.

2º. Prestar asesoramento e apoio técnico no cultivo de bivalvos de auga doce, e sobre o estado sanitario e xenético dos peixes que se utilizan como hospedadores das larvas dos mexillóns.

3º. Prestar asesoramento e apoio técnico en actuacións e programas de restauración e de recuperación de hábitats e de especies de medios acuáticos.

4º. Elaborar os informes e documentos técnicos que lles sexan solicitados pola CMATV en relación coa conservación do mexillón de río e o seu cultivo coa fin de reforzar as súas poboacións ou traslocar a especie naqueles tramos fluviais nos que se considere posible a implantación de poboacións viables.

5º. Elaborar o documento técnico que sirva de base para un programa de reforzamento de *Margaritifera margaritifera* nos ríos galegos, seguindo as directrices técnicas para desenvolvemento de programas de reintrodución y outras traslocacións con fins de conservación de especies silvestres en España, aprobadas pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade o 24 de xullo de 2013 e pola Conferencia Sectorial o 7 de outubro de 2013

6º. Dirixir e supervisar o desenvolvemento de técnicas de cultivo de bivalvos de auga doce



coa finalidade de mellorar a produción e a recuperación das especies que se atopan baixo algunha figura de protección, xa sexa de ámbito internacional, nacional ou autonómico.

7º. Colaborar nas actuacións da CMATV en materia de conservación, sempre dentro das posibilidades dispoñibles na USC e sen prexuízo da execución dos obxectivos definidos neste convenio. De xeito especial, colaborar na recuperación e conservación da fauna acuática con énfase nos bivalvos de auga doce e os peixes que actúan como hospedadores.

8º. Definir e dirixir os proxectos científicos de apoio á conservación conxuntos entre a CMATV e a USC. Con este obxectivo, a USC asume o compromiso de participar naquelas convocatorias autonómicas, nacionais ou internacionais que permitan impulsar e financiar estas liñas de traballo e a implantación das infraestruturas existentes.

9º. Asumir os gastos ocasionados pola execución dos proxectos derivados deste convenio no Centro ictioxénico do Veral, así como aquelas instalacións específicas, que non fosen precisas para o normal funcionamento da piscifactoría. A USC deberá solicitar autorización previa á CMATV para a realización de obras de mantemento ou acondicionamento, únicas obras que a USC poderá realizar, e polas que no momento de finalización do convenio a CMATV non indemnizará de ningún xeito á USC.

10º. Dispor da oportuna póliza de seguros, co fin de asumir todas as responsabilidades legais que se poidan derivar das actividades desenvolvidas.

QUARTA.- FINANCIAMENTO

A CMATV achegará á finalidade deste convenio a cantidade de oitenta e cinco mil euros (85.000 €), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e coa seguinte distribución por anualidades que se indica a continuación:

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2020	Anualidade 2021	Anualidade 2022	Anualidade 2023
07.03.541B.444.0.	5.000,00 €	27.500,00 €	27.500,00 €	25.000,00 €

Esta achega, que supón o 30% do importe total do proxecto, será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

R



QUINTA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 16 de outubro de 2020 e manterá a súa vixencia ata o 15 de outubro 2023.

SEXTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia a USC, na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar ante a CMATV a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMATV, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle á CMATV a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a USC asume como beneficiaria as seguintes obrigas:

1º. De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá xustificar perante a CMATV o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades subvencionables e se realicen durante o período de vixencia do presente convenio.

De acordo co establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regu-

lamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuarase un único pagamento anual do seguinte xeito:

- **Para o ano 2020:** Pagamento dos gastos realizados desde o 16 de outubro de 2020, ata o 30 de novembro de 2020, sendo preciso que antes do 15 de decembro de 2020 a USC achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas.

- **Para o ano 2021:** Pagamento dos gastos realizados desde o 1 de decembro de 2020 ata o 30 de novembro de 2021, sendo preciso que antes do 15 de decembro de 2021, a USC achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas.

- **Para o ano 2022:** Pagamento dos gastos realizados desde o 1 de decembro de 2021 ata o 30 de novembro de 2022, sendo preciso que antes do 15 de decembro de 2022, a USC achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas.

- **Para o ano 2023:** Pagamento dos gastos realizados desde o 1 de decembro de 2022, ata o 15 de outubro de 2023, sendo preciso que antes do 1 de decembro de 2023 a USC achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas.

2º. Facilitarlle, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.

3º. Comunicar á CMATV, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outra subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100 % do custo total do gasto.

4º. Reintegrar á CMATV, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata



a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SÉTIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento deste convenio establecerase unha comisión mixta na que participarán dous representantes designados pola USC e dous representantes designados pola CMATV, nomeados para tal fin (ou persoas en quen estas deleguen.) Esta comisión de seguimento desenvolverá os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer *addendas* ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Realizar o seguimento das actividades contempladas no presente convenio.
- d) Acordar, á vista do ritmo de execución do convenio e, para cada anualidade, á redistribución das cantidades asignadas no anexo deste convenio "Gastos de natureza subvencionable", co obxectivo de acadar o desenvolvemento óptimo do convenio e a consecución dos seus obxectivos.

A comisión de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

DÉCIMA.- REAXUSTES DA RELACIÓN VALORADA

Os compromisos de gasto plurianuais recollidos neste convenio e reseñados no anexo II, poderán ser reaxustados pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula cuarta deste instrumento e, sempre que, non aumente o seu número de anualidades, para acompasalos ao óptimo desenvolvemento do convenio e a consecución dos obxectivos fixados, sen que esta redistribución necesite da tramitación dunha *addenda* ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio rexerase polo previsto na cláusula décima.



Q



NOVENA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

En todos os materiais científicos que realicen os autores das investigacións da USC produto deste convenio, aparecerá mención expresa á colaboración da CMATV, salvo renuncia expresa da mesma.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as dúas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

En calquera caso a USC poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do estudo en actividades propias da súa función investigadora.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

UNDÉCIMA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición. En todo o non recollido neste convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.



DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).

DÉCIMO CUARTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquer outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e da Comisión, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan todas as partes este convenio, no lugar e data indicados no encabezamento do mesmo.

A Conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda



Angeles Vázquez Mejuto

O Reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

Antonio López Díaz

ANEXO I

ANTECEDENTES

Os bivalvos de auga doce, mexillóns de río ou náíades (orde Unionoida) son considerados actualmente como un dos grupos animais máis ameazados do planeta. Son bioindicadores da calidade da auga, polo que o seu declive ten importantes implicacións no funcionamento do sistema acuático.

As náíades diferéncianse do resto dos bivalvos por presentar un ciclo vital complexo, caracterizado por unha fase larvaria parasita (gloquidio) que require a presenza dun peixe hospedador no que, tras asentarse nas súas branquias, sufrirá unha metamorfose que o conducirá a adulto. Os peixes son utilizados desta forma como medio de dispersión e evitan que sexan arrastradas ao mar.

Este ciclo compórtase como un sistema de alerta da calidade do hábitat polas esixencias ecolóxicas que demandan todos os seus compoñentes, manifestándose como o principal síntoma do declive das distintas especies a ausencia de recrutamento.

Na última década os xestores das políticas ambientais europeas, conscientes das consecuencias que provoca na saúde do ecosistema acuático o declive das náíades, as converteron nun dos obxectivos prioritarios de conservación. Dentro destas políticas estanse a incentivar actuacións como a cría en cativeiro para as especies máis ameazadas, tomando inicialmente como especie diana o mexillón de río *Margaritifera margaritifera* (L., 1758), catalogado como "En Perigo de Extinción" da que Galicia conserva o maior número de poboacións do sur de Europa.

Segundo este enfoque desenvolveuse o Proxecto Life Margal Ulla, coordinado pola entón Dirección Xeral de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Xunta de Galicia), no que a USC figura como socio. Entre as actuacións levadas a cabo polo grupo de Investigación "Conservación de peixes e moluscos. GI-2040" foi creada no centro ictioxénico do Veral, a única planta piloto de cultivo de *M. margaritifera* no territorio peninsular coa fin de reforzar as poboacións na bacía do Ulla.

A piscifactoría do Veral, colindante ao LIC Ladra-Parga-Támoga, xestionado directamente pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, é considerada como centro de referencia na cría de salmónidos autóctonos destinados a repoboación. A súa localización, moi próxima ao campus de Lugo, a formación do seu persoal no manexo dos peixes, e, especialmente, polas especies de peixes obxecto da cría, a converte en idónea para o establecemento da estación de cultivo de *M. margaritifera*, xa que esta náíade ten precisamente aos salmónidos como únicos

hospedadores viables das súas larvas. Os gloquidios mantéñense asentados nas branquias de troitas ou salmóns, durante un período aproximado de nove meses, transcorrido o cal, e tras sufrir unha metamorfose, se desprenden e se enterran como xuvenís no leito fluvial.

OBXECTIVO E INTERESE DO CONVENIO

O presente convenio, que implica á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e á Universidade de Santiago de Compostela, aproveita as sinerxías xurdidas ao longo do proxecto Life Magal Ulla, aporta un marco conceptual e xurídico á relación establecida entre ambas entidades e facilita a continuidade de uso dunhas infraestruturas creadas con fondos europeos. Cobra ademais especial relevancia polo aproveitamento eficaz e responsable que xurde do uso compartido dos recursos públicos e polo que aporta de soporte funcional para a captación de recursos externos, a través de solicitude de proxectos de diferente índole.

A estación de cultivo de bivalvos creada no Veral, está dirixida, na súa compoñente científica polo grupo de investigación da USC "Conservación de peixes e Moluscos" (COPEMOL, GI-2040) coordinado pola Dra. Paz Ondina, en colaboración con técnicos da Xunta, o que denota que a meta non se limita á produción de sementes de mexillón, senón que enlaza cos retos de innovación e desenvolvemento científico no campo da acuicultura e da conservación.

Durante o tempo de duración do convenio perseguirase acadar unha investigación científica de calidade, proporcionando novas metodoloxías de traballo, con ferramentas apropiadas, que tentarán dar solución a problemas específicos de interese no campo da conservación, da sanidade animal e da acuicultura dos salmónidos e dos bivalvos de auga doce.

Neste senso é importante sinalar que, ademais dos resultados positivos obtidos no marco do proxecto Life Margal Ulla, este induciu tamén á vertebración de diferentes liñas de investigación con enfoques complementarios, amparados no marco conceptual que conforman as actuais estratexias da bioloxía da conservación. Así xurdiu a "Rede Naiade", financiada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Modalidade Redes, DOG nº 199, 17/10/2014 e nº 202, 24/10/ 2017), asemade coordinada pola Dra. Paz Ondina.

A interdisciplinaridade das liñas de traballo implicadas proporcionará un ámbito idóneo para incrementar o alcance e significación dos estudos que se leven a cabo. A través do convenio se crea un nexos de unión entre dúas pezas fundamentais no campo da conservación da biodiversidade, ao conectar aos xestores e técnicos responsables de poñer en práctica medidas de conservación, cos investigadores, que tentarán dar resposta con métodos científicos aos problemas biolóxicos plantexados.

Os obxectivos resultantes dos traballos de investigación realizados ao amparo do convenio

encaixan cos compromisos adquiridos a nivel estatal e autonómico referidos ás actuacións encamiñadas á restauración, conservación e mellora da biodiversidade das zonas incluídas na Rede Natura 2000, nas que se poderán reforzar as poboacións de náíades ou realizar reintroduccións e que son competencia directa da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Do mesmo xeito se enmarcan dentro da Directiva Marco del Agua ao incidir no mantemento e mellora do medio acuático.

LÍÑAS BÁSICAS DE TRABAJO

As técnicas básicas de cultivo dos bivalvos de auga doce están baseadas na reprodución do proceso natural baixo condicións controladas, mellorando a supervivencia que teñen as especies implicadas na natureza.

Os puntos básicos seguidos no proceso de cultivo son os seguintes:

- Facilitar a achega das larvas e os seus hospedadores (inhalación) na dose óptima para unha correcta implantación, sen prexudicar ao hospedador.
- Mantemento dos peixes en cativeiro, en condicións sanitarias e nutricionais óptimas, ao longo do proceso de enquistamento coa fin de aumentar a súa supervivencia.
- Recollida dos xuvenís das náíades ao final do período de enquistamento.
- Cultivo dos xuvenís das náíades no laboratorio para incrementar a produción.

Dende este punto de partida, as liñas de traballo que se seguirán na estación de cultivo estarán dirixidas a:

Desenvolver novas técnicas de cultivo en cativeiro coa fin de optimizar produción e viabilidade das náíades.

Identificar o hospedador idóneo para *M. margaritifera* nos ríos galegos.

Definir a dose de infestación axeitada na reprodución artificial, que mellore a produción e favoreza o estado fisiolóxico dos hospedadores.

- Analizar a diversidade xenética das diferentes poboacións coa fin de definir as unidades de conservación en Galicia, axudando na toma de decisións da administración responsable da xestión dunha especie catalogada en perigo de extinción.
- Establecer xenealoxías fiables meirande a análise de paternidade utilizando marcadores xenéticos hipervariables para determinar, por unha arte a contribución real de cada reprodutor á descendencia, así como o potencial impacto do hermafroditismo na obtención de proxenies.

- Afondar no efecto fisiolóxico e inmunolóxico que produce a parasitación temporal nos hospedadores.
- Estudar as necesidades nutricionais dos xuvenís dos mexillóns de río, para reforzar o seu estado fisiolóxico durante o proceso de cultivo e favorecer a súa viabilidade no medio natural.
- Avaliar e controlar o estado sanitario de hospedadores e bivalvos durante a catividade, garantindo a inexistencia de patoloxías nos exemplares previamente á liberación no medio natural.
- Estender a metodoloxía de cultivo a outras especies de náíades presentes en Galicia e que se atopan baixo algunha figura de protección no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, coa fin de mellorar o seu estado de conservación.

Os resultados das investigacións terán visibilidade nacional e internacional a través de publicacións en revistas de impacto e serán presentados en congresos científicos no ámbito referido. Neste momento atópanse en marcha dúas teses de doutoramento que abrangan diversos aspectos do cultivo do mexillón de río. A firma do convenio reverterá positivamente sobre o seu desenvolvemento e sentará as bases para novos proxectos e traballos de investigación. Do mesmo xeito, a través do proxecto Life, asentáronse as bases de colaboración con outros grupos de universidades europeas, o que facilitará a elaboración de proxectos multidisciplinares e internacionais e, polo tanto, as posibilidades de captación de fondos para realizar unha investigación innovadora e de calidade.

Aínda que non se trata dun obxectivo investigador, é de interese xeral potenciar a labor de divulgación dos resultados obtidos cara á sociedade, tanto dos científicos en referencia á estación de cultivo do mexillón de río, como dos acadados na piscifactoría no ámbito dos salmónidos. Dende a universidade pódesele aportar ao centro visibilidade de cara a un sector do estudiantado universitario especialmente interesante por proceder do campus de Lugo, especializado na produción e a sanidade animal. Do mesmo xeito, a labor que desenvolve o centro do Veral noutros ámbitos educativos e as visitas que recibe de diferentes expertos, posibilita a captación de recursos humanos por parte da universidade. Esta actuación, colaborativa e complementaria, sempre estará regulada pola situación sanitaria, de interese e idoneidade na planificación das dúas partes implicadas.

ANEXO II**GASTOS DE NATUREZA SUBVENCIONABLE****1.- Gastos derivados da contratación de persoal e de desprazamentos para a efectiva execución das actividades obxecto deste convenio:**

A contía máxima por este concepto será para cada anualidade de:

Anualidade	Anualidade	Anualidade	Anualidade
2020	2021	2022	2023
5.000 €	25.000 €	25.000 €	23.000 €

2.- Gastos de material de laboratorio funxible para a efectiva execución das actividades obxecto deste convenio

O importe máximo destinado será para cada anualidade:

Anualidade	Anualidade	Anualidade	Anualidade
2020	2021	2022	2023
0,00 €	2.500 €	2.500 €	2.000 €

